

## LINGUA GALEGA. TERCEIRA TAREFA

### **Repasamos vocabulario**

#### **1. Descubre a que palabra se refiren cada unha das seguintes definicións:**

- a) O que teñen os coches para facelos parar (de pé ou de man) **Freo**
- b) Ministerio ou Consellería encargados dos impostos **Facenda**
- c) Conxunto de preguntas destinado a saber como pensa a opinión pública sobre certo tema **Enquisa**
- d) Punto cardinal por onde sae o sol . **Leste**
- e) Aparello que levamos no pulso para sabermos a hora a que andamos **Reloxo**
- f) Así lle chamamos ao día anterior a outro. **Onte**
- g) Aquilo no que descansamos a cabeza cando estamos no leito **Almofada**
- h) Primeira comida do día despois de se erguer **Almorzo**
- i) Espazo de terra rodeado de auga por todas partes **Illa**
- j) Peza que se adapta ao corpo do bebé e absorbe e retén os excrementos. **Cueiro**
- k) Obxecto que fai de cama aos bebés e que se pode abanear. **Berce**
- l) Médico especializado no estudo dos nenos. **Pediatra**

#### **2.-A que palabra tabú corresponden os seguintes eufemismos?**

Defunción. **Morte**                      Desocupado. **Parado**                      Conflito armado . **Guerra**

Dar a luz. **Parir**                      Excrementos. **Cacas**                      Invidente. **Cego**

#### **3.-Escribe as palabras correspondentes. Todas levan v.**

- O que ocupa o lugar do número oito: **Oitavo**    •Relacionado co deporte: **Deportivo**
- Que produce emoción: **Emotivo**                      •Que nutre: **Nutritivo**

#### **4.- Completa o texto con algunhas das seguintes palabras.**

**farol • iluminar • apagar • flexo • foco • tenue • intensa • candeia • acenda**

Coloca ben o **foco** do escenario para que enfoque a actriz. Ten que escintilar, é dicir, ten que **iluminar** de maneira intermitente, para que pareza ambiente de discoteca.

Debe ser unha luz **intensa** , con forza. Quero que se **acenda** cando entre o personaxe na escena.

**5.-Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións.**

- Atopei a Antía na estación de autobuses e preguntoume por vós.
- Para a merenda el pediu un sándwich de xamón e un té sen azucre.
- Sebastián está estudando porque a semana que vén ten un exame de matemáticas.

**6.- Indica o tipo de palabra que corresponde a cada columna.**

Preposicións	Conxuncións	Demostrativos	Poseivos	Numerais	Indefinidos
sen	e	Aquel	Miña	tres	Algún
ata	pero	iso	vosa	primeiro	bastante
de	ou	este	seu	oitavo	ningún

**7.-Subliña os prt. imperfectos que aparecen nas seguintes oracións e cámbiaos por prt. perfectos.**

- Eu non podía con aquel saco de cemento.  
Eu non **puiden** con aquel saco de cemento.
- Cando quería, puña unha cara de defunto estremecedora.  
Cando **quixo, puxo** unha cara de defunto estremecedora. ( **Puña pertence ao verbo Pór, non ao Poñer**)
- Daquela nunca diciades una verdade.  
Daquela nunca **dixestes** unha verdade.
- Como non lle cabía todo na botella, bebeu o sobrante.  
Como non lle **coubu** todo na botella, bebeu o sobrante
- Ías ao colexio cando te avisei da folga.  
**Fuches** ao colexio cando te avisei da folga
- Tiña una casiña na Lanzada.  
**Tiven (eu)/Tivo (el/ela)** unha casiña na Lanzada

**8.-Agora vas demostrar a túa creatividade. Tes que escribir un texto narrativo cuxo tema sexa : *Un anaco de queixo razoa cun rato para que non o coma.* Deixa voar a túa imaxinación ¡! **ACTIVIDADE PARA ENVIAR Á TITORA****